

VERNON LEE

Un amante fantasma

Unha historia fantástica

Traducido por Antía Veres Gesto



Hugin e Munin

I

Aquel bosquexo de alá arriba cunha gorra de rapaz? Si, é a mesma muller. Pregúntome se darías adiviñado quen era. Un ser singular, non é? A criatura máis marabillosa, con diferenza, que coñecín nunca: unha elegancia extraordinaria, exótica, inverosímil, conmovedora, unha especie de graza perversa e artificiosa en cada perfil e movemento, na disposición da cabeza e do pescozo, e das mans e dos dedos. Velaquí unha chea de bosquexos que fixen a lapis cando me aprestaba a pintar o seu retrato. Así é: non hai nada que non sexa ela en todo o caderno. Simples riscos, pero valen para dar unha certa idea da marabillosa e fantástica sorte de graza que tiña. Velaquí está, inclinada sobre as escaleiras; e aquí, sentada na randeeira. Nesta sae a paso lixeiro do cuarto. Esa é a súa cabeza. Ben ves que moi fermosa non é: ten a fronte grande de máis e o nariz algo pequeno. Isto non che dá unha idea dela. Era unha mera cuestión de movemento. Observa as estrañas meixelas, afundidas e bastante apagadas. Pois ben, cando sorría, formábanselle as fachicovas máis marabillosas do mundo. Aquilo tiña algo de exquisito e de insólito. Así é: empecei o cadro, pero xamais o rematei. Primeiro fixen o marido. Pregúntome quen terá agora o cadro. Bótame unha man para descolgar estes cadros da parede. Grazas. Este é o retrato dela, un auténtico fracaso. Non creo que che pareza gran cousa: está rudimentariamente esbozado

e semella bastante desatinado. Xa ves que a miña idea era facela inclinada contra unha parede (había unha decorada cun amarelo que case tiraba ao pardo) para salientar a silueta.

Xa foi raro que eu fose escoller xusto esa parede. Parece bastante insensato neste estado, pero gústame, ten algo dela. Se o enmarcase e o colgase, a xente non faría máis que preguntar. Así é, supós ben: trátase da señora Oke de Okehurst. Esquecía que tiñas relacións na rodeada. Ademais, imaxino que daquela os xornais non falarían doutra cousa. Crerasme se che digo que isto aconteceu diante dos meus ollos? Agora apenas dou creto a que fose así: todo semella tan distante, vívido e irreal á vez, coma se fose unha invención miña. En realidade, resultou moito máis estraño do que ninguén imaxinara. A xente non era quen de entendela, do mesmo xeito que non era quen de entendela a ela. Dubido que algunha vez existise alguén que entendese a Alice Oke á parte de min. Non debes considerarme un insensible. Ela era unha criatura marabillosa, particular e exquisita, pero un non podía apiadarse dela. Sentía moita máis mágoa polo pobre do marido. Semellaba unha fin totalmente axeitada para ela. Figúrome que lle gustaría, se chegase a saber como foi. Ah! Nunca hei ter outra oportunidade para pintar un retrato como eu quería. Parecía que ma enviaran do ceo ou desoutro lugar. Nunca escoitaches a historia polo miúdo? Pois ben, raro é que a saque a relucir, porque a xente ten unha estupidez e un sentimentalismo brutais, pero a ti voucha contar. Vexamos. Xa está demasiado escuro para pintar máis hoxe, así que cha podo contar agora mesmo. Agarda, teño que xirarlle a cara contra a parede. Ah, era unha criatura marabillosa!

